

Unidade 9. Sucesos

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

EU COÑECÍN UN PAISANO

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Viveiro,
que cun facho e un chisqueiro
exercía de fareiro.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Tomiño,
que bebía nunha hora
a garrafa de albariño.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Burela,
que levaba na lapela
unha rosa e unha estrela.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Vilar,
que o mesmo che construía
un bus ca un funicular.

Eu coñecín un paisano,
un paisano do Cebreiro:
lía con gusto a Cunqueiro
e a Celso Emilio Ferreiro.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Agolada:
papaba dunha sentada
un bote de marmelada.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Nigrán,
que de dornas e gamelas
era o mellor capitán.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Carnota,
que asa os luns baixo a cambota
melgachos e maragotas.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Coirós,
que corría cun triciclo
en probas de ciclocrós.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Cervantes,
que comía as doce uvas
da fin de ano a noite antes.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Fisterra,
que plantaba ceboliños
no chan da praia da serra.


Eu coñecín un paisano,
un paisano de Ribeira,
que pensaba que a lareira
provocaba a borraxeira.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Espasante,
que criaba na bañeira
un polbo e un lumbrigante.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Friol,
que conserva o seu peculio
nun frasquiño de formol.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Moaña,
que subía a pico pé
polo pau dunha cucaña.

Gianni RODARI



Unidade 9. Sucesos

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Cantas estrofas ten o poema?

- Cantos versos ten cada unha?

- Que rima teñen?

2. Remata ti as seguintes rimas.

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Carballo,

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Ferrol,

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Padrón,

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Monforte,

Eu coñecín un paisano,
un paisano de Allariz,

Unidade 9. Sucesos

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

3. Cales das seguintes palabras son neoloxismos? Esríbeas.

tellado

multimedia

hardware

perna

mariñeiro

familiar

web

carteira

videófono

televisión

chatear

microchip



4. Esríbe unha oración con seis neoloxismos da actividade anterior.

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

5. Engade seis exemplos de neoloxismos.

6. Esríbe a forma actual dos seguintes arcaísmos.

Vegada → _____

Door → _____

Conquerir → _____

Falescer → _____

Favorescer → _____

Capiduo → _____

Outo → _____

Tiduo → _____

